

BASES DO DESFILE DE ENTROIDO 2020

1º.- A participación no desfile-concurso do Entroido supón a aceptación das presentes bases reguladoras. A participación está aberta a todas as asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.

2º.- O desfile do Entroido terá lugar o martes 25 de febreiro de 2020. Comezará ás 17:30 horas, debendo presentarse os concursantes entre as 15:30 e 16:30 horas na Avenida de Ferrol. O itinerario do desfile, será o seguinte: **Saída da Avenida de Ferrol pasando polas rúas Frei Rosendo Salvado, Praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra, para rematar na Avda. de Xoán Carlos I.** Unha vez rematado o desfile as carrozas aparcarán na Avenida da Coruña e as comparsas participantes desprazaranse ata a Sala Capitol.

3º.- A inscrición para o desfile-concurso formalizarase no correo electrónico entroido@santiagodecompostela.gal ou no Servizo de Festas sito na Rúa Nova, 21, **ata as 10:00 horas do luns 24 de febreiro de 2020** (Rúa Nova, 21). Teléfono 981 54 23 47. Ao abeiro do disposto no artigo 11.3 da Lei Xeral de Subvencións no caso de inscricións relativas a agrupacións de persoas físicas, no momento da inscrición deberase facer constar a porcentaxe a aplicar no momento do pago do premio (comparsa/carroza/grupo ou parella)

As persoas físicas participantes deberán presentar:

1. Folla de inscrición
2. Fotocopia do DNI
3. Certificado de conta bancaria (só de aquelas que vaian cobrar o premio)
4. Declaración responsable na que manifesta estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela e de non estar incurso/a en ningún dos supostos, que aparecen no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvencións, seguindo o modelo adxunto no anexo 1. Así mesmo, autorízase ao Concello de Santiago a solicitar certificados de ausencia de débedas coas anteditas instancias administrativas.
5. Designación de representante a efectos de inscrición neste concurso de entroido (No caso das agrupacións de persoas en comparsa ou grupo. Modelo do anexo 3).

A persoas xurídicas (asociacións) deberán presentar:

1. Folla de inscrición
2. NIF da entidade
3. Alta no rexistro de de asociacións da Xunta de Galicia
4. Documento acreditativo da composición actual da Xunta directiva da entidade
5. Designación de representante a efectos de inscrición neste concurso de entroido (Modelo do anexo 2).
6. Certificado de conta bancaria
7. Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social e Axencia Tributaria de Galicia.

8. Declaración responsable na que manifesta non estar incurso/a en ningún dos supostos, que aparecen no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvencións, seguindo o modelo adxunto no anexo 1. Así mesmo, autorízase ao Concello de Santiago a solicitar certificados de ausencia de débedas coas anteditas instancias administrativas.

4º.- A organización velará en todo momento polo correcto funcionamento do desfile, podendo impedir a participación a calquera persoa ou grupo por motivos de seguridade.

5º.- O Xurado comporase das seguintes persoas:

Presidente: O Alcalde ou Concelleiro/a no que delegue.

Secretario/a do mesmo un funcionario/a do Concello.

Vogais: cinco persoas pertencentes ao mundo da cultura, representantes de entidades culturais de recoñecido prestixio e asociacións da cidade. Estes vogais serán invitados polo concello para formar parte do Xurado.

A decisión do Xurado será inapelable e darase conta dela á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

6º.- Os disfraces puntuaranse pola súa orixinalidade, traballo de creación e investigación e pola posta en escena.

7º.- As comparsas, carrozas, parellas e disfraces individuais, levarán un número de identificación no desfile que se lles facilitará no momento da inscrición e que deberá ser presentado no caso de seren premiados. Os premios entregaranse de xeito simbólico na Sala Capitol ao rematar o desfile e o importe será ingresado mediante transferencia bancaria sempre e cando se cumpran cos requisitos establecidos

8º.- Sobre as Carrozas.

Enténdese por carroza calquera elemento móbil, a motor ou non. As carrozas non deberán, en ningún caso, exceder as seguintes medidas: 2,50 m de ancho por 4,20 m de alto e nunca máis de 9 m de longo. Todas as carrozas que se presenten ao desfile deberán presentar unha descrición detallada segundo a ficha de inscrición así como unha copia da póliza de seguro contratada ao efecto.

Todas as carrozas de tracción mecánica deberán ter os permisos de circulación en vigor, así como seren conducidas por persoal debidamente cualificado cos carnés pertinentes. En ningún caso a organización é responsable dos elementos inseguros ou do mal uso dos vehículos tractores. A carroza ten que ir acompañada dun mínimo de 15 persoas.

9º.- Sobre as Comparsas.



Enténdese por comparsa a agrupación que baixo un tema común estea composta por un mínimo de 15 persoas.

10º.- Sobre os Grupos.

Enténdese por grupo unha agrupación que baixo un tema común sexa maior de 3 persoas e menor de 15.

11º.- AS CATEGORÍAS E PREMIOS SON:

PREMIOS CARROZAS

1º PREMIO 3.000 €

2º PREMIO 2.000 €

3º PREMIO 1.000 €

PREMIOS COMPARSAS

1º PREMIO 2.500 €

2º PREMIO 2.000 €

3º PREMIO 1.000 €

PREMIOS AOS GRUPOS

1º PREMIO 800 €

2º PREMIO 400 €

3º PREMIO 200 €

PREMIOS Á MELLOR PARELLA

1º PREMIO 400 €

PREMIOS AO MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL

1º PREMIO 300 €

2º PREMIO 200 €

3º PREMIO 100 €

PREMIOS ESPECIAIS Á MELLOR COMPARSA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(estes premios son incompatibles cos anteriores)

1º PREMIO 1.000 €

2º PREMIO 800 €

3º PREMIO 600 €

4º PREMIO 500 €

5º PREMIO 400 €

12º Unha mesma entidade ou agrupación de persoas poderase presentar nas categorías de comparsa e carroza, pero só poderá percibir un único premio.

13º Todos os premios están suxeitos a retencións. No caso das entidades sen fin de lucro poderán quedar excluídas da retención presentando certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria no que conste que a entidade lle comunicou a opción pola



aplicación do rexime fiscal especial regulado polo título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins de lucro.

14º A organización resérvase o dereito de suspensión ou modificación da data e hora de celebración cando as circunstancias así o obriguen

15º A participación no concurso implica a aceptación das bases